



CONSORCIO DE LA CIUDAD DE SANTIAGO  
RUA VILAR (DO), 59  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA A CORUÑA ESPAÑA



NT/81164528/4779/000000067

**EXPEDIENTE:** 2020/00005151L  
**PROCEDEMENTO:** Licenza de obra menor

Que a Concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural, Igualdade e Centros Socioculturais, con data 10 de marzo de 2023, ditou o decreto número 2023/3296 co seguinte contido:

O Consorcio da cidade de Santiago de Compostela solicita, no Rexistro do Concello de Santiago de Compostela, licenza para a substitución de cuberta do Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia siuado na Rúa Miguel Ferro Caaveiro s/n Santiago de Compostela ( A Coruña) segundo o proxecto básico e de execución modificado elaborado polo arquitecto Fernando Liébana Diez, con selo de visado de data 22/02/2023.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

##### I. Sometemento previo a licenza das intervencións proxectadas sobre o solo

A Lei reguladora de bases de réxime local do 2 de abril de 1985, no seu artigo 84 letra "b", recoñece esta facultade de control preventivo ás corporacións locais e, en similares termos, o artigo 80.2 letra "d" da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia. A normativa sectorial tamén establece a preceptividade da licenza de reforma de construcións, entre outras, nas seguintes normas: artigo 142.2 da Lei 2/2016 , do 10 de febreiro do solo de Galicia, artigo 10 do Regulamento de disciplina urbanística galego do 21 de xaneiro de 1999, incluíndo expresamente a actuación proposta.

##### II. Actuación proposta

Solicitan licenza para a substitución de cuberta do Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia siuado na Rúa Miguel Ferro Caaveiro s/n Santiago de Compostela ( A Coruña) segundo o proxecto básico e de execución modificado elaborado polo arquitecto Fernando Liébana Diez, con selo de visado de data 22/02/2023.

#### Cualificación.-

O inmovible situado na Rúa Miguel Ferro Caaveiro s/n de Santiago de Compostela, (Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia) , atópase clasificado como Solo

Urbano segundo a revisión do “Plan xeral de ordenación municipal”, aprobado definitivamente por Orde do 1 de setembro de 2008 (DOG nº 185 do 24/09/2008 e BOP nº 56 do 10/03/2009).

A ordenanza municipal de aplicación é o artigo 136 “Sistema de Equipamentos e Dotacións” da revisión do PXOM. O inmovible aparece sinalado no correspondente plano de ordenación coa referencia SC-25 (Equipamento Sociocultural).

Obsérvase que o inmovible atópase no ámbito do Camiño Francés segundo o “Decreto 247/2012, do 22 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago, Camiño Francés, no Concello de Santiago de Compostela” (DOG nº 233 de data 7 de decembro de 2012) .

A Disposición Transitoria do mencionado Decreto 247/2012 establece que no ámbito do PE-3 (Plan Especial Director de Ordenación e Rehabilitación do Camiño Francés), delimitado polo vixente PXOM de Santiago de Compostela, e mentres non se produza a aprobación definitiva do correspondente Plan especial de protección, será de aplicación o réxime derivado da ordenanza sinalada nos planos de ordenación do PXOM.

En calquera caso, a concesión de licenzas polo Concello requirirá o previo informe do organismo competente en materia de protección do patrimonio cultural, que poderá establecer medidas mais protectoras en función da proximidade ao Camiño.

#### **Antecedentes**

Con data 15/12/2020 a Concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural concedeu a licenza para a realización de obras no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia, situado na Rúa Miguel Ferro Caaveiro s/n de Santiago de Compostela, segundo o Proxecto básico e de execución para a substitución de cuberta, elaborado polo arquitecto Fernando Liébana Diez (con selo de visado de data 12/11/2020 e un orzamento de execución material de 1.007.826,33 €).

#### **Nova documentación**

Con data 28/02/2023 achégase unha nova documentación consistente no Proxecto básico e de execución modificado para a substitución de cuberta do Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia, elaborado polo arquitecto Fernando Liébana Diez, (con selo de visado de data 22/02/2023 e un orzamento de execución material de 1.328.356,13 €).

O proxecto modificado non prevé ningunha alteración no deseño e acabados exteriores con respecto á intervención que xa foi autorizado mediante Decreto da Concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural de data 15/12/2020.

#### **Análise do expediente:**

A documentación que se achega coa solicitude da licenza é suficiente de acordo co establecido nos art. 28 e 172 da revisión do PXOM, e segundo o Anexo I do Código técnico da edificación (CTE).

O Tipo de actuación previsto é de obras de Conservación (art. 27 e 124 o PXOM) encamiñada ao mantemento das condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato da edificación, conforme co artigo 135 “Deberes de uso, conservación e rehabilitación” da “Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia”.

As obras descritas na solicitude de licenzia comprenden a substitución completa da material de cobertura actual (executado con chapa de cinc engatillada) e a execución dunha nova cuberta con bandexas de cinc, pero utilizando un sistema diferente ao actual, que consistirá en chapa de cinc apoiada nun entaboadado de madeira e con xuntas rematadas sobre listóns de madeira.

A intervención complementarase coa colocación de illamento térmico a base de pranchas de poliestireno extruído de 30 mm de espesor nas zonas onde se necesita eliminar as pontes térmicas.

O arquitecto municipal na data 06/03/2023 informou que as obras promovidas polo Consorcio da cidade de Santiago de Compostela na Rúa Miguel Ferro Caaveiro s/n de Santiago de Compostela, segundo o Proxecto básico e de execución modificado para a substitución de cuberta do Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia, elaborado polo arquitecto Fernando Liébana Diez, (con selo de visado de data 22/02/2023 e un orzamento de execución material de 1.328.356,13 €), cumpren a normativa de aplicación do Plan xeral de ordenación municipal de Santiago de Compostela e a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG nº 34 do 19/02/2016).

Faise constar que o proxecto modificado non prevé ningunha alteración no deseño e acabados exteriores con respecto á intervención que xa foi autorizada pola Consellería de Cultura, mediante resolución asinada pola directora xeral do Patrimonio Cultural na data 26/11/2020 (de acordo co disposto no art. 39 "Autorizacións" da "Lei 5/2016 do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia"), polo que non será preciso requirir un novo informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Segundo o art. 39 "Autorizacións" da "Lei 5/2016 do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia", a intervención deberá ser autorizada pola Consellería de Cultura, previamente á concesión de licenza municipal por atoparse no ámbito territorial do Camiño de Santiago (Camiño Francés).

A intervención xa foi autorizada pola Consellería de Cultura, mediante resolución asinada pola directora xeral do Patrimonio Cultural na data 26/11/2020 (de acordo co disposto no art. 39 "Autorizacións" da "Lei 5/2016 do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia"), polo que non será preciso requirir un novo informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural tendo en conta que o novo proxecto modificado non prevé ningunha alteración no deseño e acabados exteriores con respecto á intervención que xa foi autorizada pola Consellería de Cultura.

### III. Procedemento

Na tramitación do expediente recabáronse os informes técnicos preceptivos ao abeiro do artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título sexto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986.

Tendo en conta as competencias sinaladas na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os decretos de Alcaldía de 17 e 21 de xuño de 2019 polos que se nomean as Concellarías delegadas, e os acordos da Xunta de Goberno Local do 24 de xuño de 2019, do 13 de setembro de 2021 e do 13 de abril de 2022 de

delegación de competencias, e visto o informe favorable da xefa de sección de licenzas do 10/03/2023 RESOLVO:

Conceder ao Consorcio da cidade de Santiago de Compostela licenza para realizar , segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 1.328.356,13 euros e conforme o proxecto básico e de execución modificado elaborado polo arquitecto Fernando Liébana Diez, con selo de visado de data 22/02/2023, a substitución de cuberta do Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia situado na Rúa Miguel Ferro Caaveiro s/n Santiago de Compostela ( A Coruña).

#### ADVERTENCIAS

É requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento da licenza e o número de expediente.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

#### CADUCIDADE

Será declarada a caducidade da licenza, segundo o disposto no artigo 145 da LSGA:

- a) Cando non se tivese iniciado a execución das actuacións amparadas pola licenza no prazo nela fixado ou, en defecto de prazo, en seis (6) meses.
- b) Cando non se cumprise o prazo de terminación ou, en defecto de prazo fixado, no de un (1) ano dende o seu inicio.
- c) Cando a obra ou o funcionamento dunha actividade fose interrompido durante un período superior a seis (6) meses.

A caducidade da licenza esixirá a súa previa declaración polo órgano competente para conceder a licenza, logo da audiencia do interesado e transcorridos e incumplidos calquera dos prazos previstos. Dita declaración poderase formular de oficio ou por petición de calquera administrado. A declaración de caducidade extinguirá a licenza, non podéndose iniciar nin proseguir as obras ou a actividade autorizadas sen a obtención de nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

Esta resolución pon fin á vía administrativa. Poderá impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela) de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo,

reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao de notificación.

Con carácter potestativo poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano municipal que ditou o acto no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña efectividade a súa notificación, consonte ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Se interpón recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa ou presunta daquel.

Contra o rexeitamento expreso ou presunto do recurso de reposición cabe recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a aquel en que o interesado reciba a notificación do rexeitamento, cando esta sexa expreso, ou no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse rexeitado de forma presunta.

Selo de órgano de Vicesecretaría  
Data da sinatura: 13/03/2023

